

ENTROIDO

BASES

II CONCURSO DE DISFRACES EN LIÑA

CONVOCATORIA

O Concello de Barro, con motivo do Entroido 2022, convoca un concurso de disfraces para persoas empadroadas no Concello de Barro, establecendo dúas categorías: individual e grupos convivintes.

PARTICIPANTES

As persoas que queiran participar neste concurso enviarán as fotografías dos seus disfraces ao correo electrónico omix@barro.gal **desde o xoves día 16 de febreiro até o mércores 23 ás 00:00h.**

A dinámica do concurso é moi sinxela. Elixirase mellor disface ao que leve mais “GÚSTAME”, “ENCÁNTAME” na fotografía que estará colgada na páxina Facebook da OMIX de Barro.

Importante: Para poder colgar as fotos nas redes, xunto coa fotografía, tamén enviaredes a **ficha de inscrición cuberta(ANEXO I)** á OMIX de Barro omix@barro.gal

PREMIOS E CATEGORÍA

Os premios consistirán nun vale para consumir no comercio e hostalería do Concello de Barro polos seguintes valores:

INDIVIDUAL

1º: 80 €

2º: 60 €

3º: 40 €

GRUPO CONVIVINTES

1º : 100€

2º : 80€

3º: 40€

ELECCIÓN DAS PERSOAS GAÑADORAS

Será a poboación xeral a encargada de elixir as fotografías gañadoras.

As fotografías publicaranse na páxina de **Facebook da OMIX do Concello de Barro o 25 de febreiro.**

O prazo de votación, comezará o mesmo día da publicación das fotos nas redes sociais e poderase dar “GÚSTAME”, “ENCÁNTAME” na rede social ao longo dos días 25, 26, 27, 28 de febreiro, 1 e 2 de marzo.

Ás 12:00 h do día 2 de marzo, tomarase nota do número de “GÚSTAME”, “ENCÁNTAME” coa participación da informadora xuvenil e un concelleiro con delegación na área de xuventude ou cultura, dando fe deste feito o secretario do Concello de Barro.

Os gañadores daranse a coñecer a través nunha publicación na páxina web do Concello e nas páxinas de Facebook do Concello e da ÓMX de Barro.

ENTREGA DE PREMIOS

A entrega de premios farase o **sábado 5 de marzo**, na casa consistorial.

PUBLICIDADE

Estas bases serán publicadas na páxina web do Concello de Barro www.barro.gal

A participación nesta actividade implica que autorizo ao Concello de Barro ao uso das fotografías, estas imaxes poderán ser utilizadas para:

- ✓ A realización dun álbum de recordo.

- ✓ Nos Facebooks do Concello de Barro.
- ✓ Na paxina web do Concello de Barro, así como folletos ou calquera outro soporte físico ou audiovisual co obxecto de publicidade corporativa.

NOTA DE LEI DE PROTECCIÓN DE DATOS

De conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679, do 27 de abril (GDPR), e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (LOPDGDD), informamos de que os os datos persoais serán tratados baixo a responsabilidade do Concello de Barro para participar no Concurso de Disfraces en Liña por ser necesario para o mantemento da relación que implica este concurso, e para publicar os datos (nome completo e imaxe) do/a ganador/a, nos medios de comunicación, mediante a obtención do consentimento obtido a través da ficha de inscrición. Conservaranse os datos durante non máis tempo do necesario para manter os fins do tratamento ou mentres existan prescricións legais que ditaminen a súa custodia. Non se comunicarán os datos a terceiros sen o seu consentimento.

Así mesmo, informamos do dereito a revogar os consentimentos en calquera momento e a exercer os dereitos de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos datos e os de limitación e oposición ao tratamento dirixíndome ó Departamento OMIX, Concello de Barro, Casa Consistorial San Antoniño nº11, Perdecanai. Cp.36194 Barro, Pontevedra . Correo electrónico: omix@barro.es. Tamén informamos da posibilidade de reclamar perante a autoridade de control en www.aepd.es.